



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DO CONCELLO DA LARACHA CELEBRADA O DÍA 4 DE NOVEMBRO DE 2022. (EXPEDIENTE 2022/G010/000010).

No salón da casa da Cultura do Concello da Laracha, sendo as 12:30 horas do día sinalado, reuníronse previa convocatoria, en legal forma practicada, os Señores Concelleiros que se relacionan, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Manuel López Varela, e asistidos por min, a secretaria Dna. Marta Vázquez Garea e o interventor municipal D. Eduardo Mera Rico, ao obxecto de celebrar sesión ordinaria e pública, en primeira convocatoria. En cumprimento do disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, aprobado polo Real Decreto 2568/86 do 28 de novembro, concorren debidamente convocados:

Señores asistentes:

Presidente.- D. José Manuel López Varela (PP).

Concelleiros:

Asisten:

Dna. Patricia Bello Canedo (PP).

D. Xosé Alberto Blanco Veiga (PP).

Dna. Rocío López Rey (PP).

D. Ramiro Bello Recouso (PP).

Dna. Begoña Domínguez Patiño (PP).

Dna. Adelina Liste Monelos (PP).

D. Pablo Cambón Bértoa (PP).

Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras (PSOE).

D. José Martínez Ageitos (PSOE).

Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE).

D. Xoán Manoel Sande Muñiz (BNG).

Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

Non asisten: D. Jesús Souto Pena (PP). D. José Ramón Martínez Barbeito (PP). Dna. Cristina Vieites Calvo (PP). Dna. María Pilar Neira Martínez (PSOE).

Comprobado que se da o quórum legalmente esixido para a válida celebración da sesión nos termos esixidos no artigo 90 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia declara aberta a sesión na Casa da Cultura, para gardar as debidas distancias de seguridade.

1.-APROBACION DA URXENCIA DA SESION



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

O presidente pon de manifesto aos asistentes que a urxencia ven dada pola tramitación do expediente de acceso ao fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuación de rehabilitación e conservación do patrimonio, o ter recibido requirimento subsanación.

Sometida a ratificación da urxencia da sesión resulta aprobado por unanimidade dos membros presentes trece (13) votos a favor, José Manuel López Varela (PP), Dna. Patricia Bello Canedo (PP), D. Xosé Alberto Blanco Veiga (PP), Dna. Rocío López Rey (PP), D. Ramiro Bello Recouso (PP), Dna. Begoña Domínguez Patiño (PP), Dna. Adelina Liste Monelos (PP), D. Pablo Cambón Bértoa (PP), Dna. María Palomi Rodríguez Castiñeiras (PSOE), D. José Martínez Ageitos (PSOE), Dna. Alba Dolores Toba Ferreiro (PSOE), D. Xoán Manoel Sande Muñiz (BNG), Dna. Carolina Castiñeiras Brandón (BNG).

2.- APROBACIÓN DA SOLICITUDE DE ACCESO AO FONDO DE COOPERACIÓN PARA O APOIO AO FINANCIAMENTO DE ACTUACIÓN DE REHABILITACIÓN E CONSERVACIÓN DO PATRIMONIO PARA O PROXECTO REFORMA DA CASA RECTORAL DE MONTEMAIOR

O pasado 29 de setembro de 2022, a Xunta de Goberno Local do Concello da Laracha, acolléndose á Resolución de 17 de xuño de 2022 pola que se convoca, para a anualidade de 2022, solicitou o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes, solicitou participar para o proxecto “Reforma de casa rectoral de Montemaior no Concello da Laracha”, cun orzamento total de 712.808,10 euros, e cun prazo de reposición da mencionada cantidade de 10 anos (o 10% do orzamento total cada ano).

Na fase de requirimento posterior de documentación, o Instituto Galego da Vivenda e Solo require a modificación do prazo de reposición ata un máximo de 8 anualidades, así como un informe da intervención do concello sobre a viabilidade e sostibilidade da operación.

O interventor do concello emite informe no que se pronuncia sobre a natureza xurídica da operación nos seguintes termos: “(...) *as disposicións con cargo ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio deben ser analizadas como operación de crédito, segundo a regulación contida no Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL) e a súa normativa de desenvolvemento (...)*”

No mencionado informe analiza tamén o órgano competente “(...) *a competencia para a concertación da operación de crédito que suporía o acceso ao financiamento do Fondo de cooperación é do Pleno da Corporación, debendo ser o mencionado órgano o que solicite o citado financiamento (...)*”

O citado informe de intervención conclúe pronunciándose sobre a viabilidade e sostibilidade da operación: “*Tendo en conta o destino da operación de crédito que suporía o acceso ao financiamento solicitado a través do Fondo de cooperación, o importe do aforro neto do concello, e o nivel de endebedamento resultante coa nova operación, considérase que o concello da Laracha conta coa capacidade de pago para asumir a carga financeira derivada de devandita operación, tal e como dispón o artigo 52.2 do TRLRFL, sempre e cando se manteña, durante o período de devolución dos fondos, unha liña prudente e de continuidade sos niveis habituais na execución do*



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

gasto público. Especialmente a partir do exercicio 2026, no que comezan os prazos de devolución dos préstamos da Deputación Provincial.”

A Presidencia continúa dicindo que para levar a cabo esta actuación non encaixaban outros fondos, e que consta acordo co Arzobispado de Santiago de Compostela por 29 anos para a cesión do ben.

Agora solicitamos o préstamos e logo nos acolleremos a distintas liñas de subvencións.

O concello ten pensado varios usos para o inmovible:

- Espacio de uso social tanto para veciños ou entidades.
- Espacio de referencia do todo o relativo a iniciativas do mundo rural.
- Espacio para intercambios, como albergue (25 plazas).

Os locais do lado serán destinados para arquivo da parroquia, despacho e baño.

É unha das mellores edificacións do termo municipal que se está deteriorando polo desuso.

Intervén o voceiro do BNG para manifestar que unha vez que se aclararon os usos posibles van votar a favor.

A voceira do PSOE pregunta si é posible solicitar outras axudas para levar a cabo a obra, ao que o alcalde responde que si, que son compatibles.

Polo tanto, procede a subsanación do acordo de solicitude de acceso ao Fondo de cooperación, no sentido de que sexa o Pleno da corporación do que solicite o préstamo que derivaría do mesmo, así como o axuste do prazo de reposición do mesmo ao máximo de oito anualidades permitidas pola orde.

Á vista dos antecedentes expostos, o os membros presentes do pleno aproban por unanimidade en votación ordinaria o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solicitar ao abeiro da RESOLUCIÓN do 17 de xuño de 2022 pola que se convoca, para a anualidade 2022, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A), para o proxecto REFORMA DE CASA RECTORAL DE MONTEMAIOR NO CONCELLO DA LARACHA, cun orzamento total de 712.808,10 euros (IVE incluído).

A proposta do prazo de reposición da cantidade solicitada é de 8 anos e o importe a repoñer en cada unha das anualidades é o seguinte:

Ano 2023: 89.101,01 euros

Ano 2024: 89.101,01 euros

Ano 2025: 89.101,01 euros

Ano 2026: 89.101,01 euros

Ano 2027: 89.101,01 euros

Ano 2028: 89.101,01 euros

Ano 2029: 89.101,01 euros

Ano 2030: 89.101,03 euros

SEGUNDO.- Facultar ao sr. Alcalde, José Manuel López Varela, para asinar a solicitude por



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

medios electrónicos e anexos esixidos e realizar cantos trámites sexan precisos para a efectividade do presente acordo.”

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA DECLARACION DE ESPECIAL INTERESE OU UTILIDADE MUNICIPAL E DA BONIFICACION DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIONS INSTALACIONES E OBRAS.

A Ordenanza Fiscal número 17 reguladora do imposto sobre construción, instalación e obras, regula no seu artigo 6 os beneficios fiscais, para construcións, instalacións e obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, histórico-artísticas ou de fomento de emprego que xustifiquen tal declaración, podendo beneficiarse entre outras, dunha bonificación do 50% da cota tributaria “ *As de reparación ou conservación de inmobles declarados de interese cultural ou incluídos nun catálogo municipal como de protección urbanística integral, bonificación do 75%. Cando os bens catalogados gocen de protección non íntegra aplicarase a bonificación do 50%.*”

Corresponde ó Pleno do Concello a declaración de especial interese ou utilidade municipal, que se acordará previa solicitude de interesado, presentada con anterioridade á realización do feito impositivo

A TORRE DE CILLOBRE, SL. (B70558416) presenta o día 10 de maio de 2021 a solicitudes de bonificación da cota do imposto de construcións, instalacións e obras. Correspondente o expediente 2020/U022/000003 Licencia de edificación, rehabilitación para turismo rural en Cillobre parroquia de Toras.

Visto informe emitido polo arquitecto municipal favorable á bonificación solicitada, por canto se Segundo se informou no procedemento de outorgamento de licenza, só unha parte do inmovible sobre o que se actúa está catalogada , se ben con ocasión do trámite de licenza se procedeu ao agrupamento dos dous inmobles: Vivienda hórreo y cobertizo en Cillobre (Epígrafe 6.11 do catálogo con protección ambiental) e a vivenda de carácter tradicional de referencia catastral 4685208Nh3848N.

Tendo en conta todo o exposto, de conformidade co establecido do artigo 103.2 a) do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 6º da Ordenanza Fiscal número 17 do Concello da Laracha, **O pleno por unanimidade dos membros presentes** e previo ditame favorable da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Económicos, Facenda e Especial de Contas, o seguinte **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a declaración de especial interese ou utilidade municipal pola causa detallada no anexo, así como a bonificación do Imposto sobre construcións, instalacións e obras na porcentaxe que se especifica no anexo.

SOLICITANTE	DATA SOLICITUDE	OBRA	CAUSA ARTIGO 6º DA O.F. 17ª	PORCENTAXE BONIFICACIÓN
TORRE DE CILLOBRE, SL. (B70558416)	05.05.2022	Licencia de edificación, rehabilitación para turismo rural en Cillobre parroquia de Toras	Aptdo. c): <i>As de reparación ou conservación de inmobles declarados de interese cultural ou incluídos nun</i>	50 %

**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

			<i>catálogo municipal como de protección urbanística integral, bonificación do 75%. Cando os bens catalogados gocen de protección non íntegra aplicarase a bonificación do 50%.”.</i>	
--	--	--	---	--

SEGUNDO.- Recoñecer o beneficio fiscal, sendo a bonificación de 2.607,28 € correspondente a o 50% da cota tributaria calculada de 7.767,59 €.

	Inicial	Importe a bonificar
PEM	310.703,56 €	208.582,62 €
Tipo de gravame (2,5%)	2,5%	2.607,28 €
ICIO inicial	7.767,59 €	
Bonificación	2.607,28 €	
ICIO provisional	5.160,31 €	

“

REMATE DA SESIÓN.-

Non sendo outro o obxecto da sesión e non habendo máis asuntos a tratar, sendo as 12:44 horas do día xa expresado, o Sr. Presidente levanta a sesión estendéndose de todo isto a presente acta da que eu, a secretaria, dou fé.

A secretaria,

O alcalde-presidente,